

BIG BLUE BUTTON

Videoconferencias en Moodle


A ferramenta BigBlueButton (BBB) vai permitir engadir unha actividade de videoconferencia e impartir clases non presenciais de xeito sincrónico. A diferenza de Webex e Falemos, BBB está integrado nos recursos de Moodle do centro.

O profesorado pode mostrar ao alumnado vídeos en directo, unha presentación para anotar, compartir pantalla e comunicarse coa clase a través de audio, vídeo ou chat.

Os únicos requisitos son: micrófono, auriculares e cámara web.

Insertar unha sala de BBB na aula Virtual:

Activar a edición > Engadir unha actividade ou un recurso > BigBlueButtonBN > Engadir.



Na sección Tipo de instancia deixar a opción por defecto "Sala/actividade con gravacións".

Na sección Axustes xerais no espazo Nome da aula virtual, pódese escribir o nome da sesión.

No espazo Descrición, pódense escribir os temas da sesión ou as condicións para conectarse.

No caso de que se desexe amosalo no páxina principal do curso, hai que escoller a opción Mostrar a descrición na páxina do curso. Tamén se pode marcar Enviar unha notificación.

Engadindo un novo BigBlueButton a Probas Expandir todo

Tipo de instancia: Sala de conferencias

Axustes xerais

Nome da aula virtual: Sala de conferencias

Descrición: 

Presentar a descrición na páxina do curso:


Enviar unha notificación:

[Añadir menos](#)

Na sección Axustes de actividade/sección pódese escribir unha mensaxe de benvida que o alumnado verá no espazo de chat cando entre na sesión. Se non, verá a mensaxe predeterminada de BigBlueButton.

Se se activa o botón Agardar polo moderador o alumnado debe esperar ata que un usuario co papel de moderador entre na sesión para acceder.

Axustes de actividade/sección

Mensaxe de benvida ? 

Agardar polo moderador ?

Límite de usuarios ?

En Participantes na sección Engadir un participante, recoméndase deixar a opción por defecto Todos os usuarios matriculados.

Para engadir un participante manualmente, pódese escoller Usuario e seleccionar o nome do usuario para rexistralo e premer en Engadir. Habería que repetir esta acción por cada alumno que desexe matricular manualmente.

Na sección Lista de participantes pódese escoller o papel dos estudantes e do titor. Por defecto, Todos os usuarios matriculados teñen un papel de Espectador e o profesor de Moderador.

▼ Participantes

Engadir un participante Rol Manager Engadir

Lista de participantes *Todos os usuarios matriculados* como

En Programa da sesión dentro de Acceso aberto pódese seleccionar día, mes, ano, hora e minuto no que os participantes poden entra na sesión.

En Acceso pechado pódese facer o mesmo para limitar o acceso á aula virtual. Nos dous casos habería que activar o check (Activar).

▼ Programa da sesión

Acceso aberto 6 Marzo 2021 18 45 Activar

Acceso pechado 6 Marzo 2021 18 45 Activar

Finalmente, premer en Gardar e volver ao curso.

Acceder á sesión de videoconferencia.

Premer no recurso > Unirse á sesión.

Probas

 Sala de Videoconferencias


Sala de Videoconferencias

Esta sala de conferencias está lista. Xa pode acceder á sesión.


Unirse á sesión

Se alguén intenta acceder á actividade antes da hora establecida para o comezo da sesión aparecerá unha notificación que indica a imposibilidade de unirse.

Unha vez na sala de BigBlueButton, débese escoller a opción Micrófono para activar o micrófono do noso ordenador




E permítese a BigBlueButton para usar o micrófono



A continuación próbase o audio facendo a proba de eco. A resposta será Sí.




Prémese no botón da cámara Compartir webcam e permítase a BigBlueButton usar a cámara.



Pódese escoller a calidade da imaxe.




Mensaxes - Notas compartidas – Usuarios



USANDO BBB

Premendo no botón “+”, pódense escoller entre tres funcións:



Iniciar unha enquisa

Iniciar unha enquisa consiste en facer unha pregunta ao alumando oralmente ou escribíndoa no encerado dixital. Hai opcións de resposta a escoller ou podemos crear a nosa enquisa personalizada.

Subir unha presentación

Presentación

Cerrar

Confirmar

Como presentador, usted tiene la posibilidad de cargar cualquier documento o archivo PDF. Se recomienda PDF para mejores resultados. Por favor, asegúrese de seleccionar la presentación mediante el círculo de verificación situado en el lado derecho.

 **ACTUAL** default.pdf



Arrastre los archivos aquí para cargarlos
[o buscar archivos](#)

Compartir vídeo

×

Compartir un video externo

URL de video externo

Nota: los videos externos compartidos no aparecerán en la grabación. Se admiten las URL de YouTube, Vimeo, Instructure Media, Twitch y Daily Motion.

Compartir un nuevo video

Bloque de herramientas

Na parte da dereita existe unha barra de ferramentas que permite escribir na pizarra dixital de BBB



Existe a possibilidade de que o alumnado escriba tamén na pizarra dixital de BBB premendo en “Habilitar pizarra multiusuario”
O profesorado pode saber que estudante está usando a pizarra xa que aparece o nome ao lado do lápis

